

ADAPTACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DATA: 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Obxectivos.**
2. **Avaliación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**
4. **Información e publicidade.**

1. Obxectivos

Colaborar co Equipo Directivo e co conxunto do profesorado na posta en marcha das medidas necesarias para asegurar a continuidade e coherencia do proceso educativo ao longo das etapas e das áreas curriculares.

Colaborar cos profesores na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

Proporcionar unha atención á diversidade axustada a cada alumno/a, adaptando os métodos empregados á situación que estamos a vivir.

Asesorar e orientar académica e profesionalmente ao alumnado, especialmente aos que rematan 4º da ESO.

Asesorar ao conxunto do profesorado nas decisións de avaliación, promoción e titulación, especialmente do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Proporcionar aos titores e profesores técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades, a relación cos alumnos, a coordinación cos profesores e a intervención coas familias.

Empregar a páxina web do centro como un espazo para compartir con toda a comunidade educativa recursos e materias educativos, así como de atención ao benestar emocional, psicolóxico e social.

2. Avaliación

A avaliación será interna e continua, tal e como se formulou ao comezo do curso no Plan de Orientación, e contará con dous momentos diferenciados: avaliación procesual e avaliación final.

Na **avaliación procesual** trataremos de facer fronte aos imprevistos que poidan xurdir, introducindo as modificacións oportunas. Teranse en conta criterios como o cumprimento do programado, a consecución dos obxectivos e a satisfaccións dos axentes implicados. Para dita avaliación empregaranse os seguintes instrumentos: reunións periódicas dos membros do departamento de orientación, coordinación cos titores e demais docentes e intercambio de información e valoracións cos distintos membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

Pola súa parte, na **avaliación final** trataremos de dar conta do grao de consecución dos obxectivos propostos, da implicación dos distintos axentes da comunidade educativa, da satisfacción dos destinatarios, das dificultades xurdidas e dos aspectos mellorables. Todo isto quedará plasmado na memoria final do Departamento, que se terá en conta para a planificación das accións de orientación do vindeiro curso escolar.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

| | |
|---|---|
| Actividades | <p>As actividades abranguerán, tal e como estaba proposto na programación inicial, os tres ámbitos da orientación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividades dirixidas ao ámbito da acción tutorial.- Actividades dirixidas ao ámbito da atención á diversidade.- Actividades dirixidas ao ámbito da orientación académica e profesional. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Poñeremos en marcha as seguintes accións prioritarias e estratexias de intervención:</p> <ul style="list-style-type: none">- Coordinación co profesorado (por correo electrónico, teléfono ou videochamadas) para detectar necesidades e apoiar o proceso educativo de todo o alumnado.- Contacto frecuente (por correo ou por teléfono) coas familias do alumnado con NEAE e de calquera outro que solicite a intervención do departamento de orientación.- Alumnado que conta con ACI: envío periódico de material específico elaborado polos especialistas de PT e AL en colaboración co profesorado de cada materia, e seguimento do desenvolvemento desas tarefas.- Apoio educativo (tanto para alumnado que xa contaba con ese apoio como para calquera outro que o precise): análise de cada caso e deseño das actuacións a seguir (elaboración de material específico, sesións de apoio a través de videochamadas, por teléfono, etc).- Orientación académica e profesional. Tal e como estaba planeado, poñeranse en marcha accións para asesorar ao alumnado na elección de materias ou de estudos, facendo especial fincapé no alumnado de 4º da ESO. Para iso, elaboraranse guías explicativas das diferentes saídas académicas e profesionais, vídeos explicativos e sesións de asesoramento individualizado a través do correo electrónico ou do teléfono.- Difusión de recursos educativos a través da web do centro. <p>Polo tanto, para o alumnado con conectividade as accións desenvolveranse a través de ferramentas como o correo electrónico, a páxina web do centro, a aula virtual ou o teléfono.</p> |

| | |
|------------------------------------|--|
| | <p>No caso do alumnado sen conectividade ou con dificultade no manexo das tecnoloxías, empregarase prioritariamente o teléfono como medio de contacto e tamén se fará uso do servizo de impresión de material ofrecido polo Concello.</p> <p>Por último, tamén destacamos que estas accións levaranse a cabo en maior ou menor medida en función do grao de colaboración do propio alumnado e das súas familias, pois sen esa colaboración o traballo de orientación, na situación que estamos a vivir, resulta imposible de realizar.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Materiais: libros, fotocopias, material descargado de internet e material de elaboración propia. - Recursos: aplicacións informáticas, correo electrónico, aula virtual, páxina web do centro, Abalar, teléfono. |

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Empregarase o correo electrónico, a páxina web do centro, a aula virtual e o teléfono. |
| Publicidade | Páxina web do centro. |